

QUE É VIXÍA?

Vixía é un programa de prevención selectiva de consumo de drogas, para intervir directamente na comunidade educativa implicando ó profesorado, as nais e os pais e, especialmente a poboación adolescente: Os datos da Enquisa Estatal sobre Consumo de Drogas entre Estudantes de Ensino Secundario en España (ESTUDES) de 2013, constatan que o inicio nos consumos de drogas tanto legais coma ilegais é entre os 14 e os 16 anos de idade, con corpos aínda en desenvolvemento e pode supoñer un importante impacto na maduración do seus cerebros.

Vixía diríxese fundamentalmente ao grupo-aula no que previamente se detectou unha situación de consumo ou de risco nalgún alumno/a da devandita aula. Desta situación informa o equipo do centro ao equipo de prevención da Concellaría de Saúde, que leva a cabo o programa. Dende unha actitude positiva cara ao coidado da saúde, e cunha metodoloxía activa, creativa que estimule a atención e o protagonismo do alumno/a, preténdese reducir danos evitando o desenvolvemento e/ou a consolidación de consumos problemáticos na mocidade.

A quen vai dirixido?

Alumnado de 3º e 4º da educación secundaria obrigatoria (ESO)

Para que?

- Informar sobre as drogas (sobre todo, alcohol, tabaco, e cannabis) e os riscos asociados ao seu uso e/ou abuso
- Desmontar as crenzas distorsionadas sobre as drogas
- Recoñecer as presións sociais cara ao consumo
- Mellorar as habilidades para afrontar situacións de presión para consumir e a toma de decisións máis correcta e de menor risco
- Orientar o profesorado e as familias en temas relacionados coas drogas

Como se desenvolve?

- Á demanda dos centros educativos
- Avaliación de necesidades específicas, de análise previa á execución do programa, para seleccionar aqueles contidos máis axustados aos destinatarios de cada grupo
- Establecemento dun cronograma funcional de desenvolvemento do programa cos orientadores/titores
- Unha sesión de 120 minutos con nais, pais e profesorado
- Intervención grupal co alumnado, en catro sesións de 90 minutos, en horario lectivo e cunha frecuencia semanal
- As sesións teñen unha estrutura flexible e aberta, adaptada aos coñecementos e intereses do alumnado
- Metodoloxía activa, participativa de investigación-acción



UN PROGRAMA DE PREVENCIÓN SELECTIVA DE CONSUMO DE DROGAS

Cales son os contidos principais?

1º SESIÓN	Que sabemos que pasa coas drogas?	<ul style="list-style-type: none">• Droga, tolerancia, dependencia• Drogas e cerebro• Clasificación
2º SESIÓN	Que cremos que pasa coas drogas?	<ul style="list-style-type: none">• Desmitificar crenzas de drogas• Desmitificar mitos sobre o alcohol, tabaco e cannabis
3º SESIÓN	Drogas: por que si? Por que non?	<ul style="list-style-type: none">• Razóns e circunstancias do porqué do consumo e do non consumo• Evolución da conduta, do uso á dependencia das diferentes drogas
4º SESIÓN	Eu decido. Eu controlo	<ul style="list-style-type: none">• Pasos do proceso de toma de decisións• Factores que estresan e respostas ao estrés• Estratexias de afrontamento

Cando?

Durante o curso escolar, coa seguinte proposta orientativa dada a flexibilidade do programa:

1ª Semana	2ª Semana	3ª Semana	4ª Semana	5ª Semana	6ª Semana
Protocolo de necesidades	Sesión profesorado, pais e nais.	1ª Sesión alumnado	2ª Sesión alumnado	2ª Sesión alumnado	2ª Sesión alumnado

Onde?

No propio centro educativo

Quen imparte?

Dous profesionais por grupo da Concellaría de Saúde

+ información?

Concellaría de Sanidade r/ Da Concordia, 20, 32003 Ourense
988 510 622 sanidade.pvillar@ourense.es